

MÍNIMOS EXIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA AO FINALIZAR 4º ESO

1. Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, especialmente debates, editoriais, crónicas e reportaxes tiradas da televisión e da radio. Comprensión e análise de textos publicitarios. Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentacións, relatorios ou guións .

2. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións dos que falan diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.

3. Participación activa en situacións propias do ámbito académico (comentarios, opinións, exposicións de traballos coa axuda dos medios de comunicación e das TIC, informes...). Uso consciente de elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada. Participación en debates, entrevistas ou reportaxes, adoptando o rexistro adecuado.

4. Comprensión de textos do ámbito académico (instrucións, exposicións, webs educativas, textos ensaísticos, informacións de dicionarios e enciclopedias en diversos soportes), dos xornais dixitais (editoriais, columnas e cartas ao director) recoñecendo as diferenzas entre información e opinión, comprensión de textos publicitarios dos medios de comunicación, de textos literarios recitados, narrados ou dramatizados na aula.

5. Interese por producir enunciados correctos e non interferidos, fuxindo dos prexuízos lingüísticos.

6. Utilización autónoma da Biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información, para posteriormente convertila en coñecemento.

7. Composición, en soporte papel e dixital, de textos expositivos e argumentativos propios do ámbito académico (proxectos e informes ...), de

textos propios dos medios de comunicación impresos ou dixitais, especialmente cartas ao director, columnas, editoriais... Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos (comentarios, traballos académicos, guiións, informes...) con respecto polas normas gramaticais e ortográficas...

8. Recoñecemento da diferenza entre familias léxicas e campos semánticos.

9. Recoñecemento da diferenza entre funcións sintácticas e as unidades que as desempeñan.

10. Identificación e corrección dos desvíos da norma provocados polas interferencias lingüísticas co castelán, en textos orais e escritos.

11. Coñecemento das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, con manexo de textos da época e informacións tiradas dos medios e tecnoloxías da comunicación. (Historia da lingua)

12. Comprensión da situación sociolingüística galega a través da análise e comprensión de fenómenos de contacto entre linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico, interferencias...). Realizando comentarios críticos de textos que aborden estes conceptos sociolingüísticos, que permitan enfrontar os prexuízos lingüísticos e favorezan a normalización lingüística.

13. Recoñecemento das variedades da lingua.

14. Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da literatura galega desde os inicios do século XX.

15. Uso das estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

Non poderá obter o título de E.S.O. un alumno/a que non posúa un coñecemento dos contidos mínimos desta e das outras materias do currículo así como unha actitude de madurez adecuada para os seus anos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 4º ESO

- ✚ Cada avaliación o alumno/a será avaliado polo seu **labor cotián na aula e a súa actitude cara ao mesmo**. Este apartado suporá **20%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 2 puntos sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará unha **lectura** obrigatoria e as lecturas voluntarias da súa preferencia. Cada unha desas lecturas será avaliada a través de distintos procedementos (especialmente o comentario) e suporá **10%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 13 punto sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará un **traballo de investigación** sobre a Historia da Lingua, para o cal deberá servirse das TIC. Este apartado suporá **35%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 3´5 puntos sobre 10.
- ✚ Cada avaliación o alumnado realizará un **exame** sobre os contidos conceptuais traballados na aula. Este apartado suporá **35%** no cómputo global da materia ao finalizar a avaliación. É dicir, suporá até 3´5 puntos sobre 10.

NON SERÁ POSIBLE APROBAR A UN ALUMNO/A QUE NUN OU VARIOS DOS APARTADOS ANTERIORES, SINALADOS NOS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CADA CURSO, OBTIVASE UN CERO OU ABANDONASE ESE LABOR.